



#euquedonacasa

RAMÓN D. VEIGA

ILUSTRACIONES DE IVÁN R.

@ramoninguez

@ivan_r.



O primeiro día dixo: «Mola!
Que ben que non hai escola!»



O segundo
falou co seu amigo Raimundo.



O terceiro
fixo do pai un pandeiro.



O quarto
comeu biscoito e acabou farto.




O quinto xogou co balón,
debuxou arcos da vella
e aplaudiu dende o balcón.



O sexto
plantou xeranos nun testo.



Mamá, chamamos a avoa?
Irá farta de estar soa.



Xa pasara unha semana
da cama ao sofá e do sofá á cama.



Ata que un día estalou.
—Por que choras, meu pequeno?
—Boto en falta as rúas, os parques e os nenos.
—Eu tamén, meu ben,
pero mentres isto non pasa,
#QuedaNaCasa.

#EuQuedoNaCasa

© do texto: Ramón D. Veiga (@ramoninguez)

© das ilustracións: Iván R. (@ivan_r_)

Vigo, abril, 2020